

RUTA SUR

A **ruta Sur** ten un percorrido moi completo que transita por toda a metade sur da **illa de Ons**. Parte do punto de información das Dornas, sobe pola rúa do Curro e -ao chegar ao cruzamento- sobe pola pista que vai á. O camiño bordea os cantís verticais da costa occidental ata acadar a **enseada de Caniveliñas**. Avanzamos cara ao castro -sen escavar- do *Castelo dos Mouros*. Continuamos cara ao *Burato do Inferno,* unha curiosa formación xeolóxica que foi construíndo o océano golpe a golpe; e o **miradoiro de Fedorentos**, atalaia que nos ofrece unha panorámica espectacular da illa de Onza, as **illas Cíes**, a Costa da Vela e a ría de Aldán. Baixamos cara ás aldeas de Pereiró e Canixol, continuamos en paralelo á costa, pasando pola *Area dos Cans*, a praia máis frecuentada polos visitantes; con marea baixa podemos achegarnos á *Laxe do Crego*, un sarcófago antropomorfo medieval que garda múltiples lendas, continuamos até regresar a Curro.

Inicio: na caseta de información
Distancia: 6,2 km
Desnivel: 86 m
Duración aproximada: 2 horas e 30 minutos
Dificultade: media
Tipo de ruta: circular
Puntos de interese: O Curro, Area dos Cans (sepulcro de *Laxe do Crego*), Canexol (castro do Castelo dos Mouros), Miradoiro de Fedorentos , Buraco do Inferno e Enseada de Caniveliñas